

Extracto da convocatoria das bases reguladoras para a concesión de subvencións para a mellora de competencias dixitais do colectivo de estudantes matriculados en centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo

Obxecto.- Axudas destinadas a gastos de equipamento e investimento tecnolóxico para o desenvolvemento de coñecementos, capacidades, destrezas e habilidades en contextos e con ferramentas propias das TIC e das TAC.

Entidades beneficiarias.- Centros de ensino públicos de todos niveis educativos obrigatorios e non obrigatorios, ubicados no termo municipal de Arteixo.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a mellora de competencias dixitais do colectivo de estudantes matriculados en centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo. (Están publicadas no BOP do día 17 de xuño de 2021).

Contía.- O importe da consignación presupostaria ascende a 105.000 € con cargo á partida 320.78000 do presuposto ordinario da anualidade 2021.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables.

Prazo de presentación.- 20 días a contar desde o día seguinte a partir da publicación da convocatoria no BOP.

Xustificación.- O prazo de xustificación remata o 15 de novembro, debendo tramitarse segundo se especifica nas bases reguladoras.